



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo - Rexistro
Xeral

Salda Nº. 201000007427 12/04/10
09:21:18

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE ABRIL DE 2010, POLA QUE SE FAN PÚBLICAS AS LISTAS DEFINITIVAS DE, ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS, AGARDA, EXCLUÍDOS E VACANTES DO PROGRAMA DE MOBILIDADE SICUE PARA O CURSO 2010/2011

En cumprimento do establecido na Resolución Reitoral de 25 de xaneiro de 2010, pola que se fai pública a convocatoria do programa SICUE de mobilidade estudiantil para o curso 2010/2011, e unha vez finalizado o prazo de reclamacións establecido,

ESTA REITORÍA RESOLVE

Facer público o listado definitivo de adxudicación das prazas do programa de mobilidade SICUE para o curso 2010/2011 (ANEXO I), as correspondentes listas de agarda (ANEXO II) e exclusións definitivas (ANEXO III), así como o listado de prazas vacantes (ANEXO IV).

As prazas vacantes poderán ser solicitadas a partir do día seguinte da publicación desta resolución e ata o 30/04/2010 polo alumnado que estea interesado nelas, sempre que a data 30/09/2009 cumprisen os requisitos establecidos na convocatoria do programa SICUE para o curso 2010/2011, presentando o formulario de solicitude incluído na convocatoria xunto coa documentación correspondente, en calquera dos rexistros desta Universidade e dirixida ao Servizo de Alumnado.

No formulario poderanse solicitar, ademais das prazas ofertadas como vacantes, os destinos cuxas prazas estean cubertas, a fin de poder incorporarse ao final da lista de agarda definitiva correspondente, para poder optar a eles no caso de que se produzan renuncias no prazo establecido a tal efecto na convocatoria.

Non serán tidas en conta as solicitudes das e dos estudantes penalizados por non presentar renuncia no prazo sinalado ou por non incorporarse ao intercambio no programa de mobilidade SICUE no curso 2009/2010.

As prazas vacantes serán adxudicadas por orde de puntuación e non se admitirán solicitudes presentadas despois do 30/04/2010.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta Resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 12 de abril de 2010
O REITOR

Alberto Gago Rodríguez

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA
SRA. VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES
SRA. SECRETARIA XERAL
SRA. VICEXERENTE DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E XESTIÓN ACADÉMICA
SRES/AS. DECANOS/AS/DIRECTORES/AS DE TODOS OS CENTROS DA UVI
SR. XEFE DE SERVIZO DE ALUMNADO
SR. XEFE DE SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO
SRA. XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS
SRES/AS. XEFES/AS. DE ÁREA ACADÉMICA/ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DA UVI
SRES/AS. RESPONSABLES DOS REXISTROS AUXILIARES DA UVI
SRES/AS XEFES/AS DAS AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
SRA. XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL
SRES/AS COORDINADORES/AS DO PROGRAMA SICUE
DELEGACIÓNS DE ALUMNOS